

**XVIII CERTAME
Isaac Díaz Pardo
DE ARTES**

2023



**Deputación
DA CORUÑA**



Primeiro premio
BERIO MOLINA



Obras adquiridas

- ENRIQUE LISTA
- DAMIÁN UCIEDA CORTÉS
- JUAN LÓPEZ
- VERÓNICA VICENTE
- REBECA LAR
- MARÍA X. FERNÁNDEZ
- ALEJANDRA POMBO SU
- CILLAS RODRÍGUEZ BERNAL
- JUAN LESTA
- ANA GESTO
- ANDRÉS DEARCA

Obras seleccionadas

- ANA PILLADO VEGA
- HÉCTOR FRANCESCH
- ANDREA COSTAS
- MARCO COSTA MOREIRA
- MARÍA MEIJIDE

artista



XVIII CERTAME
Isaac Díaz Pardo
DE ARTES

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

- **Valentín González Formoso**

DEPUTADA DE CULTURA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

- **Natividade González**

COMPOSICIÓN DO XURADO

Presidente do xurado

- **Xurxo Couto Rodríguez**

Vogais

- **Elena Bangueses Buceta**
- **Xosé Manuel Buxán Bran**
- **Anxela Caramés Sales**
- **María Dolores Dopico Aneiros**
- **Manuel Ignacio Martínez Antelo**

Secretaría do xurado

- **Mercedes Fernández-Albalat Ruiz**
Xefa do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

TEXTOS

- **Berio Molina Quiroga.**
- **Elena Bangueses Buceta**

COORDINACIÓN

- **Marcos Sánchez González**

REPRODUCCIÓN DE ARTE

- **Xurxo Lobato (agás páxina 36)**

DESEÑO GRÁFICO E MAQUETACIÓN

- **Alejandro R. Velázquez**

CORREDURÍA

- **Red Mediaria Correduría de Seguros**

CONCELLOS COLABORADORES

- **Ames, Cee, Culleredo, Narón, Noia, Ortigueira, Outes, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son, e Ribeira**

IMPRIME

- **Imprenta provincial**

DEPOSITO LEGAL: 388-2024

**XVIII CERTAME
Isaac Díaz Pardo
DE ARTES**



**Deputación
DA CORUÑA**

XURADO

XVIII CERTAME ISAAC DÍAZ PARDO DE ARTES



Mercedes Fernández-Albalat (secretaria do xurado),
Elena Bangueses Buceta, Anxela Caramés,
Xosé M. Buxán, Natividad González, Iñaki Martínez Antelo
e Lola Dopico.

SAÚDA 'ERRE MELÓN' DE BERIO MOLINA QUIROGA

VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO
Presidente da Deputación da Coruña



7

Temos ante nós a exposición resultante do XVIII Certame de Arte 'Isaac Díaz Pardo' da Deputación da Coruña, cun total de 17 pezas escollidas de videocreación, instalacións audiovisuais, fotografía, escultura, gravado e outras formas de expresión artística. Entre elas está 'erre melón', de Berio Molina Quiroga, escollida como gañadora, por unanimidade, entre as finalistas.

A obra transpórtanos a un especial modo de ollar o mundo, que pese as aparentes facilidades comunicativas actuais, conta con numerosas barreiras se nos situamos fóra do normativizado.

Ademais, baixo esta peza audiovisual, evidéncianse as bases dun autor único e cun importante percorrido previo, que logra crear a partir de elementos de diversas naturezas, unha liña con cohesión artística e discursiva.

Desde a Deputación da Coruña pretendemos apoiar tanto o desenvolvemento de obras destas características como tamén a fase posterior, a de exhibición, clave para as e os artistas e tamén para que o seu traballo chegue ao público.

'Erre melón' e outras obras seleccionadas percorreren a nosa provincia no 2024, tecendo unha rede nos concellos coruñeses, que agardamos que habilite un espazo para a reflexión e para a posta en común.

NATIVIDADE GONZÁLEZ

Deputada de Cultura da Deputación da Coruña



Tedes nas vosas mans o catálogo do Certame de Arte Isaac Díaz Pardo 2023, que acada a súa décimo oitava edición convertido non só nun dos premios máis importantes dos que convoca a Deputación da Coruña, senón nun referente no apoio á creación artística en todo o país e mesmo alén do noso territorio, desde onde chegan cada ano propostas que prestixian este punto de encontro.

Seleccionáronse 17 pezas —10, de mulleres—, entre as que hai videocreacións, instalacións audiovisuais, fotografía, escultura, gravado ou pintura. A Deputación adquiriu 12 delas e pasarán a formar parte da colección da institución provincial: *erre melón*, de Berio Molina; *Autorretrato*, de Enrique José Lista; *Man under the shade*, de Damián Uceda; *#3 Da serie Himno*, de Juan Luís López; *Escrito en las hojas, 11*, de Verónica Vicente; *Testigos de confianza*, de Rebeca López; *Historioporosis*, de María José Fernández; *Non só animal*, de Alejandra Pombo; *Grafito sobre papel (II)*, de María Cillas; *Horizonte*, de Juan José Lesta; *Pulsaciones II*, de Ana Isabel Gesto; e *Banle, paisaxe tipográfico*, de Andrés López. O xurado recomendou tamén a inclusión de 5 obras máis: *Libri Consolationis as Patrem Meum*, de Ana Pillado; *Sin título. Serie Deseños expandidos*, de Héctor Alfonso Francesch; *Plena*, de Andrea Costas; *[Drawing Machine][...] with the Sound of its Own Making*, de Marco Antonio Costa; e *Tengo un sofá amarillo* (que es lo que se lleva ahora), de María Meijide.

O galardón recaeu no fonsagrado Berio Molina, por *erre melón*, unha peza en vídeo que se encadra na procura do norte da linguaxe, provocada pola incapacidade da sociedade para dar cabida a formas de comunicación que se sitúan fóra do normativizado, e da que o xurado salientou “o xeito que ten de procurar unha ruptura lingüística a través do alfabeto, da fonética, dos dentes, poñendo nun mesmo nivel o humano, o animal, o vexetal e o mineral”.

E non pode ser máis acaído o tema da obra gañadora para honrar a quen dá nome ao certame, unha figura titánica na cultura do noso país: pintor, ceramista, deseñador, editor, xornalista e escritor, cuxa obra poética reuniuse, precisamente, baixo o título *A mensaxe entre as sombras*.

Como xa vimos dicindo e demostrando no departamento de Cultura provincial desde hai anos —e facendo dese convencemento o eixo do noso traballo—, a cultura é un dereito: accesible en todos os concellos e para todas as persoas. Por iso a exposición das obras seleccionadas no XVIII Certame de Arte Isaac Díaz terá de novo carácter itinerante e nesta ocasión poderá verse, ao longo de 2024, en Ames, Cee, Culleredo, Narón, Noia, Ortigueira, Outes, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son e Ribeira.



PARABÉNS ÁS E AOS ARTISTAS E AO XURADO

prólogo


ELENA BANGUESES

Vogal XVIII Certame Isaac Díaz Pardo de Artes


13

Na miña posición como membro do xurado do Certame de Arte Isaac Díaz Pardo 2023, sinto unha profunda honra ao ser testemuña da riqueza e diversidade que caracteriza a creación artística contemporánea en Galicia. Este certame, máis que un mero recoñecemento, converteuse nun vehículo esencial para impulsar o desenvolvemento e continuación da creación artística contemporánea.

A Deputación da Coruña, comprometida coa promoción e posta en valor da escena artística galega, convoca, coa mesma paixón e dedicación, a XVIII edición do Certame que leva o nome do ilustre Isaac Díaz Pardo, creador polifacético, que continúa inspirando a unha nova xeración de artistas a explorar, innovar e expresar a identidade galega dende novas perspectivas.

Só precisamos mirar cara atrás, para comprender a importancia da creación na construción, mantemento e florecemento dunha identidade cultural. A maioría dos agora recoñecidos artistas, que hoxe en día forman parte integral da nosa identidade, atravesaron nos seus comezos a mesma incerteza que moitos dos e das creadoras contemporáneos que participan neste certame. Recoñecer o valor do seu traballo, pode resultar clave para a carreira artística, e crucial, para lograr unha sociedade que queira distinguirse dunha cultura global homoxénea e que aspire a formar parte dunha cultura global plural.

Vivimos nun mundo en constante cambio, onde as influencias globais e as dinámicas sociais interactúan de maneira fascinante. Neste contexto dinámico, os Premios Isaac Díaz Pardo des-

empeñan un papel crucial na promoción e sustentabilidade da creación artística contemporánea en Galicia. Non só representan un recoñecemento ás voces artísticas emerxentes, senón tamén unha plataforma vital para que os e as artistas dean a coñecer as súas creacións, dialoguen coa sociedade e se involucren na conversa cultural en constante evolución. É esencial proporcionar unha plataforma que impulse a innovación e apoie a ousadía creativa. Os Premios Isaac Díaz Pardo recoñecen o talento excepcional e ofrecen un estímulo crucial para que continúen a súa traxectoria de exploración e descubrimento.

Este certame non só é un espazo para recoñecer os logros de artistas consolidados, senón tamén un chamamento ás voces artísticas emerxentes que están a dar forma a nosa escena artística actual. Este certame continúa demostrando ser un punto de referencia importante na creación contemporánea en Galicia, ofrecendo unha mostra multidisciplinar e multixeracional de gran calidade artística e estética. A diversidade de creadores e creadoras presentes na selección, contribúe a enriquecer o panorama artístico e a ser un reflexo do pulso creativo do momento que estamos a vivir.

Os participantes, coas súas creacións, desempeñan un papel crucial como motores do mundo da arte contemporánea. A súa habilidade para comunicar, provocar emocións e desafiar as convencións artísticas, contribúe á vitalidade e evolución do ámbito creativo. As súas eleccións, tanto na conceptualización das obras como na súa presentación, son testemuña da súa destreza

e visión únicas, abrindo novas sendas para a experimentación e a expresión individual. Quero salienta a importancia de abrazar a diversidade de enfoques artísticos, axudando a crear un tecido artístico máis fecundo e complexo.

Os Premios Isaac Díaz Pardo non se limitan a recoñecer a excelencia artística, senón que tamén ofrecen apoio práctico. Premian a creatividade e dedicación dos e das artistas, contribuíndo ao desenvolvemento dun ecosistema artístico máis saudable e sostible, engadindo outro gran de area para que a creatividade galega continúe a florecer e inspirar a xeracións futuras.

erre melón

erre melón

SÍNTESI DO TRABALLO

PROCESO: Dis[x]alfa

O traballo xorde a partir de achegamentos dis[x]alfa, procesos de discordancia coa alfabetización, de disidencia respecto á linguaxe, é dicir, unha buscada ruptura lingüística a través do alfabeto, da fonética, dos dentes... que se someten a exercicio de dislocación, distorsión, dislexia, disonancia...

Encádrase dentro dunha busca da morte da linguaxe, provocada pola incapacidade da sociedade para dar cabida a formas de comunicación que se sitúan fóra do normativizado. Avoga pola interespecie coma unha estratexia para forzar a linguaxe a desprenderse dos intereses reguladores da norma, poñendo nun mesmo nivel ao humano, animal, vexetal e mineral, e partindo do que Jane Bennett chamou materialismo vibrante, é dicir, a asunción de que as cousas non-humanas (guantes, polen, tapas, varas, ratas...) están moi vivas e é preciso escoitalas e comunicarse con elas.

CONTEXTO: Residencia

O vídeo realizouse durante os tres meses que durou a residencia en NORMAL, de setembro a decembro de 2022, grazas ao programa de residencias da Fundación María José Jove.

Na primeira metade da estancia traballouse con profesionais relacionados coa linguaxe e o autismo en ámbitos sanitarios e pedagóxicos: adestradores de cans, terapeutas ocupacionais, logopedas, mestres, filólogos... coa finalidade de entender as súas dinámicas, as diferentes liñas de investigación e a posibilidade de traballar tanto con eles coma con persoas con diversidade funcional en relación coa linguaxe. Persegúase que non só fosen eles os protagonistas dos vídeos, senón que se construíse un guión coas súas achegas.

METODOLOXÍA: adestramentos de separación da linguaxe

A intención inicial foi traballar con exercicios de adestramento que se soen empregar coa linguaxe.

A medida que se ía profundizando coas persoas coas que se falou durante o inicio da residencia, foise poñendo o foco en dous exercicios concretos:

1. Vídeos de sesións terapéuticas onde se ensina a articular o fonema r.
2. Sesións de adestramento con cans onde se lles ensina a asociar unha palabra cunha acción.

erre melón procura que emerxa unha tensión que por un lado expoña a complexidade dunha linguaxe propia; e por outro lado reflecta un conflito cos procesos de alfabetización.

Os adestramentos do vídeo están orientados a interferir na linguaxe e apuntar cara a procesos de violencia lingüística como puidesen ser a fonéticafobia ou o fascismo semántico.

índice de obra/artistas

18

OBRA GAÑADORA

22

- Título: **erre melón**
- Artista: **BERIO MOLINA**

OBRAS ADQUIRIDAS

28

- Título: **Autorretrato**
- Artista: **ENRIQUE LISTA**

32

- Título: **Man under the shade**
- Artista: **DAMIÁN UCIEDA CORTÉS**

36

- Título: **#3 da Serie Himno**
- Artista: **JUAN LÓPEZ**

40

- Título: **Escrito en las hojas, 11**
- Artista: **VERÓNICA VICENTE**

44

- Título: **Testigos de confianza**
- Artista: **REBECA LAR**

48

- Título: **Historioprosis**
- Artista: **MARÍA X. FERNÁNDEZ**

52

- Título: **Non só animal**
- Artista: **ALEJANDRA POMBO SU**

56

- Título: **Grafito sobre papel (II)**
- Artista: **CILLAS RODRÍGUEZ BERNAL**

60

- Título: **Horizonte / f3**
- Artista: **JUAN LESTA**

64

- Título: **Pulsaciones II (Fragmentos 61, 62 e 63)**
- Artista: **ANA GESTO**

68

- Título: **Banle#03#, paisaxe tipográfico**
- Artista: **ANDRÉS DEARCA**

OBRAS SELECCIONADAS

74

- Título: **Libri Consolationis as Patrem Meum**
- Artista: **ANA PILLADO VEGA**

78

- Título: **Sen título. Serie Deseños expandidos**
- Artista: **HÉCTOR FRANCESCH**

82

- Título: **Plena**
- Artista: **ANDREA COSTAS**

86

- Título: **"[Drawing Machine][...] with the Sound of its Own Making"**
- Artista: **MARCO COSTA MOREIRA**

90

- Título: **Tengo un sofá amarillo (que es lo que se lleva ahora)**
- Artista: **MARÍA MEIJIDE**

XVIII CERTAME
Isaac Díaz Pardo
DE ARTES

Obra ganadora

ganadora



Primeiro premio

22

Berio Molina



Título:

ERRE MELÓN

- Técnica empregada: vídeo Full HD.
- Duración: 14' 18".
- OBRA GAÑADORA



Berio Molina

A Fonsagrada (Lugo), 1979

FORMACIÓN

2018-act. Doutoramento en Creación e Investigación en Arte Contemporánea. Universidade de Vigo.

2007-2009. Máster en Computer Graphic Design. Rochester Institute of Technology. Nova York.

2004-2005. Máster en Artes Dixitais. Universitat Pompeu Fabra. Barcelona.

1998-2003. Licenciado en Belas Artes. Especialidade Escultura. Universidade de Vigo.

GALARDÓNS DESTACADOS

2023. Premio Isaac Díaz Pardo.

2022. Bolsa residencias Fundación María José Jove. NORMAL. A Coruña.

2020. Premio contemporánea. Festival Intersección. A Coruña.

2019. Premio á mellor dirección de obra experimental por 7 Limbos. IV Premios CREA.

2018. 1º Premio ao mellor libro de arte. Premio José Lázaro Galdiano do Goberno de Navarra.

2017. 1º Premio. X Premio Auditorio de Galicia. Santiago de Compostela.

2017. Premio especial do Xurado. Puchi Award. *La Casa Encendida* e Fulgencio Pimentel. Madrid.

2016. 3º Premio no Festival Internacional de Videoarte FIVA06 polo vídeo Campo.

2006-2008. Bolsa Fundación Pedro Barrié de la Maza para ampliación de estudos en EE.UU.

OBRAS EN COLECCIÓN

- Colección CGAC
- Colección Concello de Lugo
- Colección Deputación da Coruña

PROXECCIONS, EXPOSICIONS E ACCIONS DESTACADAS NOS ÚLTIMOS ANOS

2023. Sección oficial. Festival Bideodromo. Bilbao. Placa. Escenas do cambio. Santiago de Compostela. erre melón. Festival Intersección. Fundación Seoane. A Coruña.

Contemporánea. Galería Nordés. Santiago de Compostela.

Festival Alguén que respira. Salón Teatro. Santiago de Compostela.

2022. Adeus/volverán. Casa de Iberoamérica. Cádiz. Snapshots de Chantada. Espazo Vilaseco. San Cristovo de Mouricios.

World Cinema Carnival. Sección oficial. Calcuta. India.

Radiostesia. Museu da Cidade. Porto.

O museo como escenario. Festival Plataforma. CGAC. Santiago de Compostela.

Observing others. International Arts Festival Tranås at the fringe. Suecia.

2021. Planeta GZ. Festival Curtocircuíto. Compostela.

FIVA10. Festival Internacional de Videoarte. Bos Aires.

Hybrid Art Fair. Galería Solaina. Hotel RIU Praza España. Madrid.

2020. -oito. Festival Intersección. Fundación Luís Seoane. A Coruña.

Omnipresenza de tropicalismo. Festival Plataforma. Igrexa da Universidade. Compostela.

XVI Certame Isaac Díaz Pardo. Exposición colectiva itinerante. Provincia da Coruña.

Fubarta (exposición individual). Museo Comarcal da Fonsagrada. Lugo.

2019. Márgenes (Sección Oficial). IX Festival de Cine Independiente de Madrid.

CODEC (Sección Oficial). Festival Internacional de Cine Experimental. Cidade de México.

IIEFF (Sección Oficial). Istanbul International Experimental Film Festival. Istanbul. Turquía.

Cultura Resident. Museu de Belles Arts de Castelló. Castellón.

X Mostra de Cinema Periférico (S8). Domus. A Coruña.

OFF Arco. Espacio Espositivo e Parto Galería. Madrid.

2018. Fugas e Interferencias. CGAC. Santiago de Compostela "Distorsiones, errores, glitch".

"Proyector Festival. Madrid Una acción sonora sobre caligrafía. La Casa Encendida". Madrid.

XVIII CERTAME
Isaac Díaz Pardo
DE ARTES

Obras adquiridas

adquiri-
ridas

Enrique Lista



Título:

AUTORRETRATO

- Técnica empregada: analítica de sangue copiada a man, tinta sobre papel de acuarela, marco vitrina.
- Medidas: 36x48 cm.
- OBRA ADQUIRIDA

AUTORRETRATO

ENRIQUE LIETA

SECCIÓN	DESC. PRUEBA	RESULTADO	UNIDADES	VALORES REF.
DATOS ADICIONALES - INFORMACIÓN CLÍNICA				
DATOS CLÍNICOS APORTADOS				
A- PROBLEMAS GENERALES E INESPECÍFICOS				
HEMATOLOGÍA - HEMATOMETRÍA				
	LEUCOCITOS	3.24	$\times 10^9/L$	[4.0 - 11.0]*
	ERITROCITOS	4.38	ML/ μ M ³	[4.5 - 5.5]
	HEMAGLOBINA	15.5	g/dL	[11.0 - 18.0]
	HEMATOCRITO	46.2	%	[41.0 - 50.0]
	V.C.M.	96.7	μ M ³	[90.0 - 94.0]
	H.C.M.	32.4	Pg	[24.0 - 32.0]*
	C.H.C.M.	33.5	g/dL	[31.0 - 36.0]
	R.D.W	41.9	%	[10.0 - 16.0]
	PLAQUETAS	225.0	$\times 10^9/L$	[150.0 - 400.0]
	MPV	8.0	fL	[7.0 - 11.0]
	LEUCOCITOS %	50.9	%	[19.0 - 45.0]
	NEUTRÓFILOS %	4.6	%	[3.4 - 12.0]
	NEUTRÓFILOS %	54.0	%	[40.0 - 74.0]
	ERITROCITOS %	2.9	%	[0.0 - 7.0]
	PLAQUETAS %	0.4	%	[0.0 - 1.5]
	LYC/LYC	2.1	%	[0.0 - 5.0]
	LEUCOCITOS	4.0	$\times 10^9/L$	[1.0 - 4.0]
	MONOCITOS	0.81	$\times 10^9/L$	[0.2 - 1.0]
	NEUTRÓFILOS	1.75	$\times 10^9/L$	[1.2 - 2.5]*
	ERITROCITOS	0.09	$\times 10^9/L$	[0.0 - 0.4]
	PLAQUETAS	0.01	$\times 10^9/L$	[0.0 - 0.2]
	VEG. TP INRA	5.0	MM	[1.0 - 20.0]
HEMATOLOGÍA - COAGULACIÓN				
	T. PROTROMBINA (ACTIVTE)	1.01		[0.95 - 1.2]
	TPA (ACTIVTE)	1.1		[0.81 - 1.5]
BIOQUÍMICA - SORO/PLASMA				
	GLUCOSA	79.0	MG/DL	[70.0 - 110.0]
	UREA	36.0	MG/DL	[10.0 - 50.0]
	CREATININA	0.87	MG/DL	[0.72 - 1.18]
	ACIDO ÚRICO	3.8	MG/DL	[3.4 - 7.0]
	LDHO	141.0	MG/DL	[195.0 - 145.0]
	POTASIO	4.2	MEQ/DL	[3.5 - 5.0]
	TRIGLICÉRIDOS	62.0	MG/DL	[30.0 - 200.0]
	GLUCOSAMINA	222.0	MG/DL	[50.0 - 200.0]*
	HDL COLESTEROL	83.0	MG/DL	[45.0 - 70.0]*
	LDL COLESTEROL	178.0	MG/DL	[0.0 - 170.0]
	EDL COLESTEROL	(FORMULA FRIEWALD)		
	BILIRUBINA TOTAL	0.85	MG/DL	[0.1 - 1.2]
	FOSFATASA ALCALINA	95.0	U/L	[40.0 - 110.0]
	AST (AST)	23.0	U/L	[7.0 - 40.0]
	ALT (ALT)	14.0	U/L	[5.0 - 45.0]
	GGT	11.0	U/L	[0 - 60.0]
BIOQUÍMICA - INDICADORES CALCULADOS				
	FILTADO GLOMERULAR ESTIMADO	>90		
		ML/ μ M/1.73 M ²	(FORMULA CKD-EPI)	

AYUDA AL DIAGNÓSTICO

13/02/2023

Enrique Lista

Malpica de Bergantiños, 1977

30

É doutor en Belas Artes pola UVigo (2015) e técnico superior en Gráfica Publicitaria pola EASD Pablo Picasso da Coruña (2003).

Expuxo individualmente no Palacio Municipal de María Pita (A Coruña, 2020), Fundación Luís Seoane (A Coruña, 2013), Zona "C" (Santiago de Compostela, 2012), galería ad-hoc (Vigo, 2010) e Sala Alterarte (Ourense, 2007).


Participou en exposicións colectivas na Sala Palexco (A Coruña, 2020), Casa Galega da Cultura (Vigo, 2020), Casa das Artes (Vigo, 2018), Galería adhoc (Vigo, 2016), Fundación Rac (Pontevedra, 2016), MAC (A Coruña, 2015), MARCO (Vigo, 2013, 2010 e 2004), Fundación Luís Seoane (A Coruña, 2012), feira ARCO (Madrid, 2012), Sala Normal (A Coruña, 2011), Centro Torrente Ballester (Ferrol, 2010), proxectos en espazo público "Outonarte09" (A Coruña, 2009) e "SAL" (Barcelona, 2009), Noorderlicht Photogallery (Groningen, Holanda, 2009), CGAC (Santiago de Compostela, 2008), Galería C5 (Santiago de Compostela 2008 e 2007), Centre Civic Sant Andreu (Barcelona, 2007 e 2006), Casa da Parra (Santiago de Compostela, 2007), Centro de Arte Xove da Comunidade de Madrid (2007), Galería Sargadelos (A Coruña, 2007), Pazo da Cultura (Pontevedra, 2006), Galería Sargadelos (O Barco de Valedoras, Outono Fotográfico de Ourense, 2006), Proxecto Museu Miquel Casablanças (Barcelona, 2006), Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela, 2004), Obra Social Caixa Galicia (itinerante, 2002), Fundación Laxeiro (Vigo, 2000) e VIII Fotobienal (Vigo, 1998), entre outras.

Foi seleccionado nas Residencias artísticas MAC, en 3 edicións da Mostra Internacional Gas Natural Fenosa, 5 edicións do Premio Auditorio de Galicia para Novos Artistas, 2 edicións do Certame de Artes Plásticas da Deputación de Ourense, "GZ Crea", Certame de Artes Plásticas "Isaac Díaz Pardo" e "Residentes 05" (bolsa, residencia e exposición). Foi finalista do Premio Miquel Casablanças 2008. Ademais de en catálogos, publicacións colectivas e/o académicas, o seu traballo está recollido nas publicacións individuais *Voz en off. Relatos en torno a lo fotográfico* (Muga, 2020), *Síntomas* (Estraperlo, 2018), *Un lugar. Dúas descrições inadecuadas* (autoeditado con Hétor Pose, 2018), *Un año de proyectos* (Save As... Publications, 2013) e *Enrique Lista. Situación* (CGAC, 2008).

Impartiu docencia e/ou obradoiros na Facultade de Belas Artes de Pontevedra, Facultade de Ciencias da Educación da UDC, Escola de Artes Pablo Picasso, Escuela Superior Marcelo Macías e Museo de Arte Contemporáneo Gas Natural Fenosa, en cuxas Residencias artísticas exerceu de coordinador entre 2015 e 2017. Actualmente traballa como editor de textos para INTERSECCIÓN - Festival Internacional de Cine de A Coruña, e acompaña proxectos artísticos para a produtora cinematográfica Testaferro.

Enrique Lista

Damián Ucieda Cortés



Título:

MAN UNDER THE SHADE

- Técnica empregada: fotografía en branco e negro.
- Medidas: 53x66 cm.
- OBRA ADQUIRIDA



Damián Ucieda Cortés

A Coruña, 1980

34

No 2004 completou os seus estudos en Ilustración na Escola Massana de Barcelona e graduouse cun BA Hons en Fotografía pola Edinburgh College of Art en 2007.

Entre as súas últimas exposicións individuais cabe destacar Camiño negro na Galería Formato Comodo, proxecto recentemente adquirido polo Raíña Sofía. No 2017 mostrouse o seu traballo no Centro Torrente Ballester de Ferrol dentro do proxecto Miradas IV. Baixo o título expositivo "Intentando golpear ideas", expuxo en 2015 na Fundación Luís Seoane. Exposición itinerante que desenvolve no 2016 a Fundación Rac de Pontevedra.

Entre as mostras colectivas nas que participou destacan: Fiction & Reality no Moscow Museum of Modern Art. W"La cuestión es ir tirando" no CCEMx de México, Camiños III no CGAC de Santiago de Compostela.

O seu traballo foi exposto en institucións internacionais como A Royal Scottish Academy, The Shipley Art Gallery de

Newcastle, os Centros Culturais de España en Santo Domingo e San Salvador, Fundacione Cassa dei Resparnio dei Modena ou o Museu dá Imagem de Braga.

Participou nos festivais e premios como Photoespaña, Foto Festival de Lodz, o Taylor WPPP da National Portrait Gallery de Londres, o Premio Purificación García ou a Mostra Internacional do MAC de Coruña.

Recibiu a Bolsa Injuve e foi galardoado pola Fundación Aena, o Auditorio de Galicia e a Fundación María José.

As súas obras forman parte das coleccións públicas do Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía, Ministerio de Cultura, Concello da Coruña, a Colección Arte Contemporáneo, Colección DKV, Fundación Aena, Fundación Luís Seoane, Fundación María José Jove e coleccións privadas nacionais e internacionais.

Damián Uccieda

36

Juan López



Título:

#3 DA SERIE HIMNO

- Técnica empregada: 4 vídeos monocanal desincronizados.
- OBRA ADQUIRIDA



Juan López

Ferrol, 1973

É licenciado en Historia da Arte e licenciado en Historia e Ciencias da Música.

Entre as súas exposicións atópanse as colectivas Contemporánea/Intersección na Galería Nordés en Santiago de Compostela (2023). *Sons improbábeis* no Auditorio de Galicia (2022) comisariada por Iñaki Martínez Antelo, *Cruzamento na arte galega* no CGAC (2022) comisariada por Santiago Olmo e Sara Donoso ou *Paisaxe sen título* (2017) na Fundación Manolo Paz en Cambados; e a individual ES OTRO na Fundación DIDAC (2019) e no Centro Torrente Ballester de Ferrol, ambas comisariadas por David Barro. Deste proxecto xorde a *Serie Himno*, coa que se inaugurou a primeira edición do Festival Plataforma en Santiago de Compostela (2020).

Gañou o Premio Contemporánea 2022, concedido pola Asociación profesional de galerías de Arte Contemporánea de Galicia. A súa obra foi seleccionada, entre outros, nos Premios Novos Valores da Deputación de Pontevedra (2013), no premio Internacional de Gráfica Máximo Ramos no Centro Torrente Ballester (2016 e 2018) ou no Certame Isaac Díaz Pardo (2021).

Participou en obradoiros artísticos baixo a dirección de Ignasi Aballí, Daniell Canogar, Miguel Palma, Manolo Quejido ou Sandra Cinto entre outros.

O seu traballo está presente en coleccións como a da Fundación DIDAC, a Fundación CIEC, a Deputación da Coruña, ou a colección CGAC, entre outras.

Juan López

39

Verónica Vicente



Título:

ESCRITO EN LAS HOJAS, 11

- Técnica empregada: fotografía. Impresión dixital sobre Canson Infinity Photo Rag.
- Medidas: 78x104 cm.
- OBRA ADQUIRIDA



Verónica Vicente

Tomiño, 1988

Graduada en Belas Artes pola UVIGO, co Mestrado en Fotografía Artística da Escola EFTI e outro en Arte, Museoloxía e Crítica Contemporáneas da USC.

42

Frecuentemente o seu traballo é un rexistro en fotografía e vídeo de accións que rozan o escultórico.

Explora temas relacionados coa identidade na sociedade contemporánea, cuestións existenciais ou as fronteiras do corpo. Entre os seus recoñecementos destaca o Pre-

mio de Fotografía Xove da Fundación Enaire. A súa obra forma parte de coleccións como as do CGAC, Fundación Rac, Centre d'Art La Panera ou Museo Nacional de Escultura, en España, da Fundação Bienal de Arte de Cerveira, en Portugal, ou da COCEF en Francia. Expuxo de forma individual na Fundación Rac, en Espacio Alexandra, dentro do programa OFF de PhotoEspaña, ou en La Gran, galería que a representa.

Verónica Vicente

43

44 Rebeca Lar



Título:

TESTIGOS DE CONFIANZA

- Técnica empregada: bordado sobre tea.
- Medidas: 30x100 cm c/u.
- OBRA ADQUIRIDA



EST
MA

PIUA!

EST
QUE
ES
ES
MUTERES
ARDIÓ
SON
TESTIGOS
TESTIGOS DE
PREFERIRIA IR A LA GUERRA
FRAGIL SEXO
FEMININO
ANTES QUE CONFESION
DE LA VERDAD
OTRO

Rebeca Lar

Vigo, 1993

É doutora en Belas Artes. Na súa tese de doutoramento estudou as representacións da bruxa na creación audiovisual contemporánea, problemática coa que tamén traballa no ámbito artístico e literario.

46

Nas súas obras, centradas na memoria e a linguaxe, o texto funciona como material e concepto. A súa práctica multidisciplinar trata de revelar, máis ou menos explicitamente, o que se atopa nas fronteiras. Os seus últimos proxectos recibiron o apoio das bolsas de creación Injuve e Novos Valores e teñen que ver coas pegadas da memoria histórica en Galicia.

Na súa traxectoria recibiu premios de institucións diversas: Xunta de Galicia, Junta de Castilla y León, Universidad Loyola Andalucía, Deputación de Ourense, Universidade de Vigo, etc. Formou parte de exposicións en diferentes cidades españolas, así como en Cuba e Portugal. Entre as mostras colectivas destacan Reb/veladas na paisaxe IV (Cidade da Cultura de Galicia, 2023), Lo (in)visible (Madrid, 2022), Identidades latentes (Galicia, 2020) ou Alén dos xéneros: prácticas artísticas feministas en Galicia (Vigo e Santiago de Compostela, 2017).

Rebeca Lar

47

María X. Fernández



Título:

HISTORIOPOROSIS

- Técnica empregada: mixta, libros intervidos.
- Medidas: 200x150x0,35 cm.
- OBRA ADQUIRIDA



María Xosé Fernández

Vigo, 1961

50

Artista visual nada en Vigo, transita con liberdade entre diferentes medios cun claro carácter experimental. De formación autodidacta, o seu traballo desenvólvese desde os seus inicios nas lindes entre escultura, a pintura e a instalación site-specific. A busca da liberdade creativa e a constante investigación, guían un proceso de abandono das normas e deconstrución, de destilación e depuración. As súas instalacións inclúen frecuentemente proxeccións con lentes ópticas, libros intervídos, fotografías manipuladas, entre outros elementos.

Nos traballos máis recentes, centra o foco no ser humano, tanto no aspecto individual como social, con especial interese no xénero, incidindo nas formas de dominación e violencia. A conciencia ecolóxica permea todos os proxectos de xeito transversal. No 2023 obtén un Premio CultivaCultura, Deputación de Pontevedra, ano no que tamén é adquirida a súa obra no Certame Isaac Díaz Pardo da Deputación

Provincial da Coruña e participa no Festival Internacional de Cine Intersección na Coruña e participará en Eixo Alántico entre Galicia e Portugal 23-24.

Realizou instalacións site-specific entre outras en: Museo dos Terceiros, Capela das Pereiras e Museo do Brinquedo de Ponte de Lima; Casa do Comercio de Braga, O Vello cárcere de Lugo, Sala de Arquitectos de Vigo, Casa das Artes de Vigo, Casa da Parra e Igrexa da Universidade de Santiago. Realizou exposicións de forma individual en: Sala Maruja Mayo da Deputación Provincial de Pontevedra en Vigo, Igrexa da Universidade de Santiago, Casa de Galicia de Madrid, O vello Cárcere de Lugo, Museo Liste de Vigo, Sala Apóstrophe de Vigo, Pazo Torrado de Cambados, Museo arqueolóxico de Ourense, Sala Amalia Búa de Bueu e Auditorio de Cangas. Participou en mostras colectivas en España, Portugal, Reino Unido, Estados Unidos, Italia e Alemaña.

María X. Fernández

Alejandra Pombo Su



Título:

NON SÓ ANIMAL

- Técnica empregada: performance / Vídeo 1/3 + P.A.
- Duración: 21' 07".
- OBRA ADQUIRIDA



Alejandra Pombo Su

A Coruña, 1979

54

Doutora en Belas Artes cunha tese sobre os paradoxos da introdución da noción de performance na arte contemporánea, o seu traballo artístico baseado en prácticas performativas esténdese á poesía, o cinema, a escultura, o debuxo e a pintura, nun impulso por abrazar e desterritorializar formatos establecidos e onde a atención e o valor recae máis na forma de aproximarse ao medio que ao medio en si mesmo. Obtivo o premio da I Convocatoria de Residencias Artísticas FMJJ2021 e foi elixida como artista en residencia en Tabakalera (San Sebastián), Bulegoaz/b (Bilbao), I-Par-

kFoundation (Connecticut, EE.UU.), Atlantic Center for the Arts (Florida, EE.UU.), PACT-Zollverein (Essen, Alemaña), *La Casa Encendida*, o CA2M e El Ranchito en *Matadero* Madrid entre outras. O seu traballo presentouse en diferentes festivais, museos e centros de arte que se moven entre os campos das artes visuais, o cinema e as artes escénicas como o Museo Raíña Sofía, Fabrai Coats, *La Casa Encendida*, MUSAC ou Tabakalera. Desde o 2021 forma parte do colectivo NEG (Nova Escultura Galega).

Alejandra Pombo Su

55

Cillas Rodríguez Bernal



Título:

GRAFITO SOBRE PAPEL (II)

- Técnica empregada: 2 Debuxos de grafito 5B sobre papel Canson basic 370 g/m².
- Medidas: 2 debuxos de de 55x40 cm.
- OBRA ADQUIRIDA



Cillas Rodríguez Bernal

A Coruña, 1988

Cillas Rodríguez é unha docente e artista visual que vive e traballa na Coruña, España.

No 2023, participa no “XV Premio de Artes Plásticas Isaac Díaz Pardo” onde a súa obra é adquirida, o seu traballo “Grafito sobre papel” recibe a mención de honra do Premio Bienal Eixo Atlántico e expón no Certame sobre a percepción visual “Miradas” da Fundación Jorge Alió en Alicante. En 2021 o seu traballo é seleccionado no “XII Premio de Expresión Plástica UNED” do Barbastro. Asemade, en 2020 participa nas exposicións colectivas “Ao redor do Parado” e “Paisaxes Interiores/Exteriores” en Pontevedra e A Coruña, respectivamente; e tamén colabora no “Vitrine Project” no Monopole Artists Studio, en Amberes, Bélxica.

En 2019 o seu traballo é seleccionado no XIV Premio Isaac Díaz Pardo e participa na exposición “Arte Ambulante” da

Asociación A Colectiva. Igualmente, colabora na “XX Bienal Internacional de Arte de Cerveira” (Portugal) en 2018, e realiza a exposición individual “Coruña Escura” na Fundación Luís Seoane en novembro dese mesmo ano.

Produce a súa exposición individual “NowHere” en Porto (Portugal) no 2014 e é premiada na “XI Bienal de Pintura Pintor Laxeiro” en 2013. En 2012 recibe a Bolsa de Perfeccionamento de Estudos Artísticos da Deputación da Coruña, grazas ao cal conclúe o Mestrado de Prácticas Artísticas Contemporáneas da Universidade de Porto.

Ao longo da súa carreira artística participa en varias exposicións colectivas e individuais e realiza numerosos obradoiros de fotografía e dispositivos ópticos. Entre outras cuestións, o seu traballo trata sobre a idea do tempo e a percepción visual na imaxe.

Cillas Rodríguez

Juan Lesta



Título:

HORIZONTE / F3

- Técnica empregada: fotografía editada impresa.
- Medidas: 3 elementos de 33x33 cm.
- OBRA ADQUIRIDA



Juan Lesta

A Coruña, 1971

62

Artista visual e director-realizador de vídeo, estou especializado na creación de pezas de vídeo experimental, interactivas, e na súa integración nos novos medios.

O meu traballo recente está centrado na paisaxe e no diálogo entre a experimentación audiovisual e a música, así como na intervención do espazo natural mediante instalacións inmersivas lumínicas.

Dirixín e producín vídeos musicais para artistas como **Brian & Roger Eno**, *Dark Sienna* (Deutsche Gramophon, 2020), **Carlos Ordoñez**, *Estridor 5-7-1* (Ferror Records 2024), **Chicharrón**, *Instante de area*, (Ferror Records 2023) ou **Galán/Vogt**, *The Dark Opens The Way*, *Markus Guentner Remix*, 2023, obtendo diversos premios e seleccións en festivais nacionais e internacionais.

Algunhas das miñas pezas forman parte de coleccións como a de **Artium**, **CGAC**, **Deputación da Coruña** ou **Heinz Nixdorf MuseumsForum** (Paderborn, Alemaña), e foron expostas en museos e centros culturais como **Pompidou Metz** (Metz, Francia), **CGAC** (Santiago de Compostela), **CDAN** Centro de Arte e Natureza (Huesca), ou **ARTIUM** (Vitoria) e en recentes edicións dos festivais *Resis* e *Intersección* da Coruña, entre outros.

Fun residente en **Hangar**, Barcelona e **MAC**, A Coruña.

Os últimos anos os meus traballos foron seleccionados nos festivais: **Suburbinale**, Austria, 2023, con *1,34943x10e4*; **Experimental Superstars**, Serbia, 2022, con *Retortoiro*; **Short Movie Club Film Festival "Nefiltrava-**

nae kino", *Bielorusia*, 2022 e **FICBUEU**, Bueu, España, con *1,34943x10e4*, e no **Istambul International Experimental Film Festival 2021** con *Retortoiro*. Ademais a miña traxectoria como membro do colectivo **DSK** foi obxecto dun foco en **Intersección**, **Festival de Arte Audiovisual Contemporáneo**, 2020, A Coruña.

Dirixín multitude de proxectos interactivos en liña e desconectado, ademais de documentais, vídeos institucionais, publicidade e gran variedade de formatos híbridos, transmedia e experimentais.

Como técnico especializado en edición, montaxe, posproducción e gráfica animada dirixín a posproducción e imaxe gráfica de numerosos proxectos audiovisuais de diversos formatos, entre os que se inclúen videoclips, documentais, pezas experimentais, espectáculos de ao vivo cinema, curtametraxes, etc. sendo os máis recentes as longametraxes documentais **Versogramas**; os títulos de crédito da longametraxe **O Corpo Aberto**, 2022; animacións para a longametraxe **Superlópez** (2018); ou o desenvolvemento da imaxe audiovisual da **Universidade de Santiago de Compostela**.

Desde 2002 fun docente de materias de posproducción audiovisual en centros Tamaño de cada elemento: 33 x 33 cm. de deseño ou institucións culturais como **MACBA** Museo de Arte Contemporánea de Barcelona, **CGAC** Centro Galego de Arte Contemporánea, **ELISAVA** (Barcelona), **Escola BAU** (Barcelona), **ESDI** (Barcelona) entre outros, sendo a miña última colaboración para o grupo de investigación **Artefacto**,

da **Universidade da Coruña**, impartindo talleres para as actividades das exposicións de **Peter Lindbergh** e **Steven Meisel** na Coruña, 2021-22.

ÚLTIMAS VIDEOINSTALACIÓNS

- **Horizonte/5**

5 canles de vídeo e audio en bucle de 4 min.

Deseño sonoro por Marco Maril.

Exposición Somos Mar II, Capela de San Roque, 2021.

Exposición Camiños III, CGAC, 2022-23.

- **Faro Horizontal/7**

7 canles de vídeo e audio en bucle de 8 minutos máis 5 láser lineais secuenciados.

Deseño sonoro por Marco Maril.

Festival RESIS, 2023.

- **Maçanetas**

Vídeo animación en bucle de 2 min.

Deseño sonoro por Marco Maril.

Intersección, festival internacional de cinema da Coruña, 2023.

Ana Gesto



Título:

PULSACIONES II (FRAGMENTOS 61, 62 E 63)

- Técnica empregada: marco familiar madera S.XIX, Colcha familiar dos 80, partituras, alfinetes e fíos.
- Medidas: 41x40 cm.
- OBRA ADQUIRIDA



Ana Gesto

Santiago, 1978

66

Performer e artista visual. Estudou Belas Artes (2003-2008) na Universidade de Vigo e en San Carles de Valencia (onde cursou performance con Bartolomé Ferrando) coa bolsa Sique/Séneca. Bolseira pola SUG para estudos de terceiro ciclo, Nova adxudicación e prórroga, 2009-2010. Formou parte do grupo de investigación "Resistencia e Materialización" da Universidade de Vigo dende 2008 a 2011.

Impartiu obradoiros de arte de acción e artes visuais en varias galerías, museos e escolas. Fixo performances en eventos de Arte de Acción e participou en exposicións individuais e colectivas a nivel nacional e internacional. Como en Art d'Acción (Valencia, 2009), Resistencia e materialización UPV/EHU (Bilbao, 2010), Epiderme (Lisboa, 2011) Line Up Acción (Coimbra, Portugal 2011), Acción!-MAD11 (Madrid 2011), Fem Corpología (Girona 2012) Galeria Działań (Varsovia 2012) XIV INTERAKCJE 2012 (Polonia), Hydra. Küntlerforum Boon, (Alemaña 2013), Corporeidades Feministas en España (Costa Rica 2014), Arqueoloxías do

íntimo (León 2014, España), Mulleres: territorios artísticos de resistencia. La Nau, (Valencia 2014), La Muga Caula (Cataluña, 2015), Alén dos xéneros MARCO (Vigo and Santiago 2017), Eschangue. Exchange Live Art (Salamanca 2018), Mulleres en acción: Violencia Zero. Acción colectiva con Ana Matey, Isabel León Guzmán, María Marticorena, tamén no Pao Festival 2019. ROM Kunst+Arkitektur (Oslo-Noruega 2019), Camiños Incertos, Fundación Camilo José Cela (Padrón, 2020), USCénica (Santiago 2021), Conversas arredor da performance (Universidade de Vigo, 2021), Culturgal, Violencia Zero (Pontevedra, 2021). Memoria e terra, Recolectoras, (Lugo 2022), Mujeres Dadá de Ediciones Canibaal (Valencia, 2022), Plataforma. Festival de artes performativas (Santiago 2022), Cuerpo a Cuerpo. 6º encontro de performance, música e vídeo (Palmas de Gran Canaria), TRAGA. Recital perfo-poético, con Yolanda Castaño, Silvia Penas, Branca Trigo, Lorena Souto e Chus Pato (Vigo) entre outras.

Ana Gesto

Andrés Dearca



Título:

BANLE#03#, PAISAXE TIPOGRÁFICO

- Técnica empregada: impresión dixital con tinta ecolóxica sobre papel de algodón 100% de 300gr.
- Medidas: 57x77 cm.
- OBRA ADQUIRIDA

Andrés Dearca

Corcubión, 1982

Son artista plástico e dixital. Realicei os meus estudos en Artes Aplicadas á Escultura na EASD Pablo Picasso da Coruña e en Conservación e Restauración de Bens Culturais na especialidade de escultura na Escola Superior de Conservación e Restauración de Pontevedra. Complementei a miña formación na EASD Ramón Falcón de Lugo na que cursei Artes Aplicadas a Madeira e cun Máster en Artes Gráficas Dixitais na Escola Aula Creativa de Madrid.

Adícome profesionalmente ao deseño gráfico baixo o nome de A López Estudio, traballo principalmente con universidades como a USC a UDC ou a UJI, e colaboro en diversos proxectos artísticos como Kaczynski Editions (selo discográfico de música experimental) ou UCV (Universidade Cromática da Virtudes) coa que ademais formei parte da organización do Festival Artenauta, Festival das Artes da Costa Da Morte, celebrado no 2020 e 2021.

No ámbito artístico a miña obra aborda e hibrida diversos temas como o rural, o dixital, a memoria e a paisaxe presentando especial atención aos procesos e metodoloxías na creación artística. Formulo a obra artística non como un obxecto único e irrepitible senón como un código aberto que como o ADN ten “infinitas” combinacións.

A MIÑAS OBRAS FORON PRESENTADAS E EXPOSTAS EN:

2023. Odd Gallery de Fisterra, exposición colectiva. “Banle#01”, “Banle#05”, “Banle#06”.

2023. Galería Solaina de Lugo, exposición colectiva Eólica ASÍ NON!. “Banle#02”.

2023. Galería Metro de Santiago de Compostela, exposición colectiva do Poligonal colectivo, paisaxe_0. “Balne#01”.

2020-21. Festival Artenauta 20-21, Festival de Arte da Costa da Morte. “Nanotitia” no 2020 e “Man” no 2021.

2016. No Clube Financeiro da Coruña, exposición individual “Rural_data”.

2015 Espazo Gato Verde de Madrid, exposición individual “Rural_glitch”.

2013. Capela do Pilar de Corcubión, exposición individual “O caixón dos calcetíns”.

2012. Encontro de Artistas Novos II, no GAIÁS Santiago de Compostela, presentando “Sinestesia Robótica”.

2006. Fórum Metropolitano da Coruña, exposición colectiva de Escultura da EASD Pablo Picasso.

- Web: www.dearca.art e www.alopezestudio.com
- Correo electrónico: contacto@dearca.art

Andrés Dearca

XVIII CERTAME
Isaac Díaz Pardo
DE ARTES

Obras seleccionadas

selec-
ciona-
das

Ana Pillado Vega



Título:

LIBRI CONSOLATIONIS AS PATREM MEUM

- Técnica empregada: elexía bordada sobre 6 panos de peto do meu pai, seguindo o ciclo das estacións durante o primeiro ano logo do seu falecemento.
- Medidas: 6 panos de 41x41 cm, cada un.
- OBRA SELECCIONADA

27-12-2021
Solstício de inverno

Pai,
desejo estabelecer un diálogo líquido
coa pel de tea deste pano teu, tecido
silente que garde e acolla talvez bágoas
cristal da tua lembranza. Bebes
o recordo, manancial da memoria
viva aínda nesta urdime de fios
que portabas no peto, sempre
contigo. Pai, gardo bágoas que aínda
non falaron, bágoas mudas e temudas
da nena María Cemento, pena da
pequena Mademoiselle Glo-Glo,
canto tristeiro de Cuncun. Pai,
o recendo das tuas apertadas
laxeas en cada froito solar
da laranxeira cítrica
cicatriz do consolo



2-2-2022
Candelaria

Pai
dia a dia medra, o Sol neste primeiro
inverno no que habitas na luz Atlántica
do océano amniótico, nas raíces do
bosque, no vento e no sutil ronsel
que traizan as augas no alto ceo
Agora que es luz liberada do corpo-casa
da propia ausencia, regresas, faro
sempre aceso, para iluminar o recordo que
emerge da densa lama do longo silencio
Podo ver de novo a verdade da tua lucida
ollada despendendo a opaca bretema da
desmemoria, rompendo o mestlo felizo
branco do esquecemento
Pai, obter fecunde das tuas lembranzas
laxeas na líquida cadencia luminica
do solpor salgado. O sol, capitán redondo,
leva chaleque de raso. Polo ceo vai
a lúa cun neno da man



20-3-2022
equinoccio de primavera



Pai, fio esta epístola téxtil
para desfacer o silencio da
tua ausencia nesta primeira
primavera orfa de ti Pai,
non son, bos tempos para a
lirica, mais a Nai Terra aínda
florece en amarelo doce silvestre

COSMOLOXÍA DO LOITO



OPUS NIGRUM

2-4-22
Lúa Nova en Jul 1986

LIBER QUINTUS



destrubando va ser tempo de abrir as laxes pedras e
deixar correr as bágoas entristecidas na grega, onde o
silencio tornou argana de peixe pétreo.

Solstício de verán

es to
vento AURTO



es to
vento AURTO

Ana Pillado Vega 'Ana Cuncún'

A Coruña, 1971

76

'Son o eco da nena que fun, daquela que xogaba a ser profe, escribía contos e organizaba exposicións na cociña da avoa Chelo. Na actualidade, son profesora de lingua e literatura no ensino público, escribo, pinto, ilustro libros e fago arte téxtil'.

No ámbito **literatura**, é autora de *Fábula Mater*, poema en 12 actos (2005), dos contos da colección 'Lila Lilaina': *Azul e Rosa*, *Carlota e o príncipe azul* e *Roi quere ser mamá* (2008) e da novela *En efectobolboreta* (2019).

Desenvolveu unha extensa traxectoria como **ilustradora**, colaborando con xornais, con algunhas das principais editoras galegas e deseñando cartaces para institucións e asociacións culturais diversas.

No eido da **pintura**, comeza a expoñer a súa obra no ano 1996 tanto en mostras individuais como colectivas, fundamentalmente en Galiza, mais tamén en Portugal, Alemaña e Holanda.

Iniciase na **cerámica** no ano 2001, cando asiste á 'Escola Libre de Cerámica' no Castro-Sargadelos. Nese mesmo ano crea o taller de cerámica *Alma de Lama* en Oleiros (A Coruña). Mostra as súas pezas cerámicas en exposicións individuais e colectivas. No ano 2006, dúas das súas obras son seleccionadas no *V Certame de Artesanía Antonio Fraguas* promovido pola Deputación da Coruña. Así mesmo, diseña esculturas cerámicas para premios como o 'Eu tamén navegar por unha Galiza sen violencia de xénero', promovido pola Secretaría Xeral da Igualdade (Xunta de Galiza) ou os convo-

cados pola Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (2009).

Nos últimos anos está interesada na experimentación coa **arte téxtil**. Neste ámbito ten participado nas seguintes mostras colectivas:

- *Tapices da Memoria: Nunca Máis chapapote patriarcal*, Casa do Arco, Fisterra (2021).
 - *Exposición Internacional Hilaku, VI Encuentro de Arte Textil 'Narrativas personales'*, Zaragoza (2022).
 - *Cartografías téxtiles*, Museo do Pobo Galego (2023).
 - *Entre leiras e labores*, Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa (2023).
 - *Exposición Internacional Hilaku, VII Encuentro de Arte Textil 'Memoria'*, Zaragoza (2023).
 - *Dame bola*, Harinera ZGZ, Zaragoza.
- e individuais:
- *Fiadeiro*, Espazo de Arte Contemporánea do Culturgal, Pazo da Cultura de Pontevedra (2021).

En 2020 crea o **Lupamar**, espazo aberto para o encontro multidisciplinar das artes vencelladas co ARTivismo ecofeminista. No *Lupamar* comeza a reactivar 'fiadeiros': círculos de mulleres como os que tradicionalmente se reunían en Galiza para fiar, e mentres fiaban cantaban e contaban, brindose a compartir na 'con-fianza' de que o falado no fiadeiro ficaba no fiadeiro. Deste xeito, constituían espazos de

encontro, propicios para tecer redes de afectos, sororidade e mesmo para dar ‘puntadas subversivas’, alén dos discursos ditados polo patriarcado.

No 2021 constitúese o *Fiadeiro do Lupamar*, colectivo integrado por mulleres artistas residentes en Vilagarcía de Arousa, co que participou nas seguintes accións:

- ‘Mani.Festa.Acción téxtil da plusvalía non remunerada’ no Festivala, Vilagarcía de Arousa (2022).
- ‘Fiadeiro de áncoras do amor incondicional’, Museo do Pobo Galego (2023).
- ‘Fiadeiro de áncoras do amor incondicional’, Auditorio Municipal de Vilagarcía, no marco da Cidade do Libro (2023).
- ‘Fiadeiro de áncoras do amor incondicional’, *Exposición Internacional Hilaku, VII Encuentro de Arte Textil, Zaragoza* (2023).

Héctor Francesch



Título:

SEN TÍTULO. SERIE DESEÑOS EXPANDIDOS

- Técnica empregada: aceiro, epoxi e pintura alquílica.
- Medidas: 70x80x80 cm.
- OBRA SELECCIONADA



Héctor Francesch

A Coruña, 1977

EXPOSICIÓNS INDIVIDUAIS

2017. Diario da resistencia. Galería Metro. Santiago de Compostela.

2016. 4000. MAC Florencio de la Fuente. Huete. Cuenca.

2015. Oculus. Palexco. A Coruña.

Abarrote no museo. Museo de Belas Artes da Coruña.

2014. Size. Moret Art. A Coruña.

2013. Off the wall. Obra gráfica. Moret Art. A Coruña.

2012. Pop todas partes! Galería Hartmann. Barcelona.

2011. Ás veces vexo isto. Moret Art. A Coruña.

2009. Good morning Tulipán. Galería Hartmann. Barcelona.

2008. Quen anda aí? Moret Art. A Coruña.

Serigrafías. Fundación CIEC. Betanzos. A Coruña.

2007. Come fly with me. Centro de Arte Contemporáneo Piramidón. Barcelona.

Knocking on Heavens Door. O Correo Galego. Santiago de Compostela.

2006. Puro e duro. Casino do Atlántico. A Coruña

2005. Revolución Francesch. Galería Trama. Madrid.

Revolución Francesch. Centro Social Caixanova. Sala I. Vigo

EXPOSICIÓNS COLECTIVAS

2023. Art Madrid. Moret Art.

2020. Paisaxes interiores/exteriores. Kiosco Alfonso. A Coruña.

Beyond the canvas. Studioflaco. A Coruña.

2019. Arte ambulante. A Colectiva, Concello de San Sadurniño.

2018. 14 en positivo. Museo de Arte Contemporáneo Naturgy. A Coruña.

Mostra Internacional de Ilustración Contemporánea 2. Afundación. Santiago.

2016. Experimenta 10+1. Centro Cultural Marcos Valcárcel. Ourense.

Justmad7. Emerging art fair. Galería Metro. Madrid

2015. 25 al quadrat. Centre d'art contemporani Piramidón. Barcelona.

A propósito do debuxo. Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

Art Madrid 15. Moret Art. Madrid.

2014. Proxecto Window. Festival Agra Directo. A Coruña.

Lost&Found. Arquivos (re)colectados. Normal. A Coruña.

Art Madrid 14. Moret Art. Madrid.

2013. Marca España / Marca Spanien. Europe Creative Center ECC. Berlín.

Art Madrid 13. Moret Art. Madrid.

2012. Plan de rescate. Cartografías da Resistencia creativa. Elefante 330. A Coruña.

2011. 500 sobre papel. Centre d'Art Contemporani Piramidón. Barcelona.

Tardor de L' Art. Arts Santa Mónica. Barcelona.

Dark Room. Galería Del Sol ST. Santander.

Swab. Galería Hartmann. Barcelona.

Foro Sur 11. Feira Iberoamericana de Arte Contemporáneo. Cáceres.

Espazo Atlántico 2011. Moret Art. Vigo.

Andante. MAC. A Coruña.

- 2010.** Andante. Fundación Vicente Risco. Allariz. Ourense.
XX Aniversario Abe. Galería Hartmann. Barcelona.
Del Sol Experiences. Galería del Sol ST. Santander.
Arte na provincia II. Deputación da Coruña. Fundación
Caixa Galicia.
Polimorfos Perversos. Galería Fernando Pradilla. Madrid.
ArtMadrid 10. Young Art. Moret Art.
Espazo Atlántico 2010. Moret Art. Vigo.
- 2009.** ArteLisboa 09. Galería Hartmann. Lisboa. Portugal.
ArtMadrid 09. Young Art. Moret Art.
- 2008.** ArteLisboa 08. Galería Hartmann. Lisboa. Portugal.

PREMIOS E CONCURSOS

- 2018.** Residencia artística en el Museo de Arte Contemporáneo Naturgy. A Coruña.
- 2017.** Encontro de artistas novos Cidade da Cultura de Galicia en Arxentina.
- 2015.** X Premio de Arte Gráfico Jesús Núñez. Deputación da Coruña.
- 2013.** 8º Premio Auditorio de Galicia. Santiago de Compostela.
- 2012.** XXIX Certame de pintura Concello de Cambre. A Coruña.
- 2011.** I Encontro de artistas novos. Cidade da Cultura. Santiago de Compostela.
- 2010.** I Premio Internacional de Artes plásticas 2010 by La Maquinista.
Que hai detrás da lona. Hotel Mimic. Barcelona. 1º premio.
XXXVII I Premio Internacional de Gravado "Carmen Arozena"

- 2008.** XX Premio de Gravado Máximo Ramos. Concello de Ferrol.
XXXVI Premio Internacional de Gravado Carmen Arozena. Mención de Honor.
- 2007.** X Certame de Artes Plásticas Isaac Díaz Pardo. Premio adquisición.
IX Bienal Internacional de Gravado Caixanova. Ourense.
- 2006.** VI Salón de Outono de Pintura da Real Academia Galega de Belas Artes. Deputación da Coruña.
I Premio de Arte Gráfico Jesús Núñez. Deputación da Coruña.
IX Mostra Internacional Unión Fenosa. MACUF. A Coruña.
- 2005.** IX Certame de artes plásticas Isaac Díaz Pardo. Premio adquisición.
- 2004.** Certame Salvador Soria. Benissa. Alicante.
XXI Certame de Pintura Concello de Cambre. Accésit.

COLECCIÓNS

- Afundación
- Estrella Galicia
- Concello da Coruña
- Concello de Madrid
- Universidade da Coruña
- Fundación CIEC. Betanzos. A Coruña
- Centre d'art Contemporani Piramidón
- Bibliloteca Nacional. Madrid


Andrea Costas



Título:

PLENA

- Técnica empregada: mosaico fotográfico (9 imaxes impresas sobre papel arte con tintas pigmentadas).
- Medidas: 6 fotografías de 41x54 cm e 3 fotografías de 60x90 cm.
- OBRA SELECCIONADA



Andrea Costas

Vigo, 1978

84

Artista visual, profesora de fotografía na Facultade de Belas Artes de Pontevedra, Universidade de Vigo, e na escola de deseño Aula D. Desenvolve o seu labor creativo utilizando diversas linguaxes como instalación, vídeo ou performance, aínda que é máis coñecida polo seu traballo fotográfico. A súa persoal narrativa adoita tratar temas tan cotiáns como universais dende unha perspectiva emocional e psicolóxica.

O seu traballo estivo presente en numerosas exposicións individuais e colectivas, como *Desapego* (MARCO Vigo, 2023), *Cruzamentos na arte galega da Colección CGAC* (Centro Galego de Arte Contemporánea. Santiago de Compostela, 2022); *A paisaxe e a súa pegada* (Casa do Cabido, Santiago de Compostela, 2019); *Alén dos Xéneros. Prácticas artísticas feministas en Galicia* (MARCO Vigo e Auditorio de Galicia. Santiago de Compostela, 2017); *Alivio* (Alterarte, Ourense, 2011); *Mapas creativos. Nuevos nombres en el arte ga-*

llego (Galería Orígenes, La Habana, 2008); *Marxes e mapas. A creación de xénero en Galicia* (Auditorio de Galicia, Compostela, 2008); *La jeune création photographique en Galice* (Espace Bonefoy Toulouse, 2007); *A boa vida* (CGAC, Santiago de Compostela, 2006); *O Feito Fotográfico* (MARCO, Vigo, 2004).

Así mesmo a súa obra foi adquirida en concurso público polo CGAC (2020) e premiada en certames como Artes Plásticas Ourense (Deputación de Ourense, 2007), Injuve (2002) ou Novos Valores (Deputación de Pontevedra, 2001). Ademais dos libros de fotografía *Formas de ser* (CEF, 2002) e *Persoal e transferíbel* (CEF, 2006), tamén é co-autora xunto a Yolanda Castaño do libro *Cociñando ao pé da letra* (Galaxia, 2011), unha publicación finalista dos premios Gourmand World Cookbook Awards 2012 como mellor libro de fotografía de cociña en España, e un dos catro mellores do mundo.

Andrea Costas

Marco Costa Moreira



Título:

“[DRAWING MACHINE][...] WITH THE SOUND OF ITS OWN MAKING”

- Técnica empregada: madeira de haia e piñeiro, aceiro, chumbo, nailon, lapis, papel, conxunto de catro neumáticos e reproductor de audio.
- Medidas: 100x70x70 cm.
- OBRA SELECCIONADA



Marco Costa Moreira

Favaios, Vila Real, (Portugal), 1978

88

Marco Moreira, de orixe portugués, vive na Coruña, doutor en Creación e Investigación en Arte Contemporánea pola Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo. Licenciado e máster en pintura pola Facultade de Belas Artes da Universidade de Lisboa. Ten experiencia nas áreas de Multimedia, Ilustración, Animación, Debuxo, Fotografía e Artes Visuais, destacando o Curso de Animación en Debuxo terminado en 2009 no CIEAM na Facultade de Belas Artes de Lisboa. Recibiu unha bolsa no programa Erasmus na Facultade de Belas Artes da Universidade Complutense de Madrid en 2009/10.

Participa en varias exposicións, residencias, proxectos editoriais, feiras e conferencias; destacando as exposicións individuais: *Untitled / Con título*, exposición na Fundación Luís Seoane, A Coruña, España en 2021; *Ou meu fazer, cogita a tua percepção de ver*, exposición en galería Módulo – Centro Difusor de Arte en Lisboa, Portugal en 2019; *Tábula Plena*, na Fundação Bienal de Cerveira, Vila Nova de Cerveira, Portugal en 2018; *Delineando...* en Centro de Arte de São João da Madeira, Portugal en 2015. Participa nas exposicións colectivas: 15ª Mostra de Arte Gas Natural Fenosa, no Museo de Arte Contemporánea Gas Natural Fenosa (MAC) na Coruña, en 2018, Velar e desvelar no Museo de Arte Contemporánea

Gas Natural Fenosa (MAC) na Coruña; Viagem ao Princípio do Mundo no Fórum da Maia, Portugal en 2015, exposición integrada no proxecto Lugares de viagem – Bienal de Maia, 2015; por a *paisagem a vibrar em consonância*_____, en Espaço Mira, Porto, Portugal en 2014. Participa na 6ª Edición da Feira de Debuxo, Drawing Room 2023 coa Galería Trinta de Santiago de Compostela.

Foi artista bolseiro na residencia CREADORES 2018 da Térmica en Málaga, España, e artista bolseiro na residencia do Museo de Arte Contemporánea Gas Natural Fenosa (MAC) na Coruña, e tamén artista residente nos talleres de Viarco Fábrica de Lápis en S. João da Madeira, Portugal, en 2012. É co-autor do produto ArtGraf nº1 comercializado e producido por esta empresa desde 2016.7

Foi artista gañador do Concurso Novos Artistas 2018, da Fundação Bienal de Cerveira, Vila Nova de Cerveira, Portugal e recentemente foi un dos artistas seleccionados para adquisición de obra do XVI Certame de Artes Plásticas “Isaac Díaz Pardo”, Deputación da Coruña.

É representado pola Galería Módulo – Centro Difusor de Arte en Lisboa e está presente en diversas coleccións nacionais e internacionais. Desenvolve na súa maioría debuxo, escultura, fotografía e instalación.

Marco C. Moreira

María Meijide



Título:

TENGO UN SOFÁ AMARILLO (QUE ES LO QUE SE LLEVA AHORA)

- Técnica empregada: Técnica mixta, acrílico e collage sobre tea.
- Medidas: 2 módulos de 1,70x1,70 m.
- OBRA SELECCIONADA



María Meijide

Santiago de Compostela, 1978

María Meijide, é unha artista plástica especializada en pintura figurativa de grande formato, cadernos de viaxes, gravado, pezas de texto e cartografías ilustradas.

O seu traballo é vivo, colorista e de trazo autobiográfico: Comer, beber, amar! Esta produción artística traballa en contra da idea de grandeza e está enraizada no presente.

Habitualmente, acompaña o seu traballo de publicacións que transitan do proceso pictórico a unha noción de texto, e a súa traxectoria amosa un continuo de proxectos de recorrido nacional e internacional.

En canto a formación, é licenciada en BBAA, na especialidade de pintura, pola universidade de Sevilla (2003), cun Máster en Pintura, pola universidade de BBAA de Lisboa no 2012. No 2023 culmina tamén o Máster de Obra Gráfica da Fundación CIEC, Betanzos, A Coruña.

No 2020 edita Galipop, unha peza pop de deseño e pintura sobre Galicia.

Publicou tamén dous cadernos de viaxe de grande recorrido: **De Ushuaia a la Quiaca** (Librería Lila, Santiago de Compostela 2017) e **De Kuala Lumpur a Beijing** (CGAC, Santiago de Compostela 2015).

No 2014 edita unha cartografía emocional de Compostela presentada na Fundación Granell, que hoxe en día, é un clásico.

A súa última publicación é unha peza en formato caderno coeditada coa editorial Tulipa: **Autobiografía cuantificada ou que difícil é ser maría meijide** (Culturgal, Pontevedra 2022).

BOLSAS E PREMIOS

2023. Premio Sabor de estada de produción serigráfica, Espazo DOPARANÁ.

Artista convidada en **RARA residencia**, Villanueva del Rosario, Málaga.

2022. Artista en Residencia, VI edición, Fundación Eugenio Granell.

2021. XVI Premio Internacional Jesús Núñez de Arte Gráfica, A Coruña. Mención de honra, XII Concurso Internacional de Gravado Atlante, Ribeira (A Coruña).

2017. Bolsa Encontro Alfara-CIEC, Centro Alfara, Salamanca.

Artista convidada en **Miradas de Cans**, proxecto caderno, Festival de Cans (Pontevedra).

2016. Artista convidada en FILBA, Feira Internacional do Libro de Bos Aires.

2015. Premio Adquisición da obra **A estantería**, XIV Certame de Artes Plásticas Isaac Díaz Pardo, Deputación Provincial da Coruña.

2014. 1º premio en Concurso de pintura 2014 do Colexio Oficial de Médicos, coa obra **A torneira**, Pontevedra, agosto 2014/

2009. Premio adquisición da obra **A Contrarreló** no XI Certame de Artes Plásticas Isaac Díaz Pardo, Deputación Provincial da Coruña.

1º premio no XII Concurso de Pintura do Colexio Oficial de Médicos, coa obra **Bodegón fragmentado taller**, Pontevedra, agosto. 1º premio, Operación Frechazo en Roteiro de creación, Compostela.

2008. Bolsa taller de paisaxe Branca impartido por Federico Guzmán, Murcia.

IX xuntanza obradoiro internacional das artes plásticas, A Solaina de Piloño.

2º premio, **Operación Frechazo**, Roteiro creación contemporánea, Compostela.

2007. Premio adquisición da obra **África para Samba**, X Certame de Artes Plásticas Isaac Díaz Pardo, Deputación Provincial da Coruña.

Rumbo **Zacatecas**, proxecto de caderno en Zacatecas, México, Bolsa Fundación Rojo Urbiola.

1º Accésit en II convocatoria de Certame de Pintura Arte Xove Galega, Compostela.

2002. Bolsa Tallens, Royal-Tallens, Barcelona, curso 2002-2003. 1º premio de Pintura ao Aire Libre, Concello de Montellano, Sevilla. Premio Iberoamericano de Pintura ao Aire Libre, Huelva.

PROXECTOS INDIVIDUAIS

2023. Son unha persoa obsesiva, obsesiva, obsesiva... e miope, exposición individual en Fundación CIEC, Betanzos, A Coruña.

O Camiño Meiji, proxecto en cerámica para RARA residencia, Villanueva del Rosario, Málaga.

2022. Autobiografía cuantificada ou que difícil é ser maría meijide, presentación da publicación en: CulturGal22, feira de industrias culturais, Pontevedra, novembro de 2022 / Cronopios, Santiago, decembro 2022/ Villanueva del Rosario, Málaga, febreiro 2023/ presentación da publicación en Berbiriana, A Coruña, abril 2023 / presentación da publicación en Fundación Ciec, Betanzos, A Coruña.

Pánico no museo, exposición individual na Fundación Granell, Santiago, (A Coruña).

2020. Galipop 2020, un caderno de hoxe e de sempre, peza editada ao abeiro do fondo de proxectos culturais Xacobeo2021 da Xunta de Galicia.

Edito e mando, exposición individual na feira SELIC2020, Fonseca, Santiago.

2019. Oia Usté! Proxecto de caderno inscrito no programa Camiño(A)dentro, comisariado por Paula Cabaleiro promovido por Deputación de Pontevedra, Oia.

Marilyn Monroe, Maruja Mallo ou María Meijide? Unha peza en presente continuo, performance realizada na Escola Unitaria.

Valença loves Tui e viceversa, exposición individual no arquivo municipal de Valença.

Sábado tarde me enjabono o Tui loves Valença e viceversa, exposición individual en sala municipal do concello de Tui.

2018. De San Simón a Santo Antón, caderno do festival Sinsal, Vigo. De Ushuaia a la Quiaca, publicación de caderno de viaxes trans-americano, Santiago.

2015. De Kuala Lumpur a Beijing, presentación de caderno asiático, CGAC, Compostela.

Bodegóns a Granell, peza favorita na Fundación Granell, Compostela.

Postais dende o mercado. Presentación de libro ilustrado e exposición de orixinais en librería Cronopios.

2014. A praza e outros lugares, individual no Mercado de Abastos, Compostela.

Compostela emocional, presentación de mapa de autor, Fundación Granell.

2012. Amigos amores e outras cousas, exposición individual en Galería Metro, Santiago.

Do amor e outras desórdenes, exposición individual en ArtePeriférica, CCB, Lisboa.

2011. Lisboa e outros asuntos de cama, exposición individual en COAG, Compostela.

2008. Asuntos de andar por casa e outras intimidades, individual, Galería Dosmilvacas, Ponferrada.


2007. Do taller á Patagonia e outros asuntos, individual en Galería Sargadelos, Monforte de Lemos.

O taller a contrarreló, individual no espazo El Correo Gallego, Compostela.

2005. Milán portomarínico e la nostalgia delle vacanze, individual en galería Sargadelos, Milán.

2004. Cacheiras Dakar. Itinerario dunha viaxe ao Senegal, individual en A Gramola, Compostela.

es
e
t
a



ESTE CATÁLOGO,
XVIII CERTAME ISAAC DÍAZ PARDO DE ARTES,
IMPRIMIUSE NOS TALLERES DA IMPRENTA PROVINCIAL,
A CORUÑA, 2024.



XVIII CERTAME
Isaac Díaz Pardo
DE ARTES

2023

certame



Deputación
DA CORUÑA

artes